



2024/SUBCC/000014

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 24.07.2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

15.- APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS E OS DEPORTISTAS PARTICIPANTES NOS XOGOS OLÍMPICOS E PARALÍMPICOS DE PARÍS 2024. 2024/SUBCC/000014.

I. ANTECEDENTES:

- 1.- Por providencia de data 17.07.2024, o Alcalde dispuxo o inicio do expediente para a aprobación das bases e convocatoria para a concesión de axudas para as e os deportistas participantes nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.
- 2.- Constan no expediente informe técnico xurídico e memoria económica do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira emitidos pola dirección do servizo de deportes.
- 3.- Consta no expediente informe da intervención xeral municipal de data 24.07.2024.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- 1.- A Constitución Española dispón no artigo 43 que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio.
- 2.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local que establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de ocupación do tempo libre. Pola súa banda o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, exercendo en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado y da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas, ocupación do tempo libre e execución de programas destinados á xuventude.
- 3.- O artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar, ou fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial.
- 4.- A Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte, no seu artigo 2º declara a práctica de deporte como unha actividade esencial e un dereito de todos os cidadáns, polo que precisa dunha especial atención e protección polos poderes públicos.





5.- O artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (en adiante OXS), son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

6. As bases da convocatoria para o outorgamento das subvencións recollen o contido mínimo esixido no artigo 17.3 da LXS e no artigo 9 da OXS do Concello, regulando o procedemento para a concesión de axudas recollido nos artigos 12 e seguintes da Ordenanza municipal de aplicación.

Tal e como se establece no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.7 da LXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no precepto non se requirirá outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito de dita situación previamente a concesión, sen prexuízo dos controis que puideran establecerse para verificar a súa existencia.

7.- Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento nas subvencións en concorrencia competitiva correspóndelle á Xunta de Goberno Local, ao superar a contía da convocatoria o importe de 12.020,24 €.

Á vista da fundamentación xurídica exposta, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Aprobar a convocatoria pública para a concesión de axudas para as e os deportistas participantes nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.

Segundo: Autorizar e aprobar o gasto polo importe de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 01.3410.489.14 e operación contable RC 12024000032594 do exercicio vixente.

Terceiro: Dispoñer a reserva dunha contía adicional por importe máximo de 15.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 01.3410.22602 segundo a operación contable RC MOD 12024000033277, que poderá incrementar o importe total das axudas, previa resolución do órgano competente, sen necesidade dunha nova convocatoria, logo de que se tramite o expediente de modificación de crédito e a correspondente fiscalización por parte da intervención municipal, de acordo co disposto no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS.

Cuarto: Aprobar as bases da convocatoria pública para a concesión de axudas para as e os deportistas participantes nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024, segundo o documento con CSV R6TT20I7LWYO83VL que consta no expediente.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

